

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EURURAL PARA A EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO TURISMO NO XEODESTINO RÍA DE VIGO-BAIXO MIÑO

O xerente de Turismo de Galicia

### DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou coa Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo no xeodestino Ría de Vigo-Baixo Miño que inclúe a realización das actuacións nas seguintes liñas de acción:

		ORZAMENTO	ATG	ENTIDADE BENEFICIARIA
<b>LIÑA DE ACTUACIÓN A. PLANIFICACIÓN, CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE PRODUTO</b>				
<b>Actividade A.1</b>	Campaña promocional FITUR 2026 ÚNICA	25.095,00€	20.076,00€	5.019,00€
	<i>Campaña promocional Única, FITUR 2026. Creación de contido audiovisual</i>	<i>18.125,80 €</i>	<i>14.500,64 €</i>	<i>3.625,16 €</i>
	<i>Catering degustación de produto local Nigrán</i>	<i>1.500,00 €</i>	<i>1.200,00 €</i>	<i>300,00 €</i>
	<i>Presentación Campaña en FITUR - Madrid</i>	<i>968,00 €</i>	<i>774,40 €</i>	<i>193,60 €</i>
	<i>Xestión de redes Campaña Única</i>	<i>3.146,00 €</i>	<i>2.516,80 €</i>	<i>629,20 €</i>
	<i>Merchandising Campaña Única</i>	<i>1.355,20 €</i>	<i>1.084,16 €</i>	<i>271,04 €</i>
<b>Actividade A.2</b>	Creación de produto cicloturismo en Soutomaior	6.321,90€	5.057,52€	1.264,38€
	<i>Redacción de proxecto elemento ciclo en Soutomaior</i>	<i>1.129,90 €</i>	<i>903,92 €</i>	<i>225,98 €</i>
	<i>Subministro e instalación elemento ciclo en Soutomaior</i>	<i>4.950,00 €</i>	<i>3.960,00 €</i>	<i>990,00 €</i>



	<i>Dirección de execución instalación ciclo</i>	242,00 €	193,60 €	48,40 €
<b>Actividade A.3</b>	Consolidación de produto turístico Parte de Ti2026 para posta en valor do produto e os servizos locais	18.089,50€	14.471,60€	3.617,90€
<b>LIÑA DE ACTUACIÓN B. COMERCIALIZACIÓN, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DE PRODUTO</b>				
<b>Actividade B.1</b>	Acción de promoción do destino no Festival de Cans	2.420,00€	1.936,00€	484,00€
<b>Actividade B.2</b>	Promoción de Club de Produto Galicia Suroeste	4.323,60€	3.458,88€	864,72€
<b>TOTAL</b>		<b>56.250,00 €</b>	<b>45.000,00€</b>	<b>11.250,00€</b>

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.**-Que o artigo 148.1.18 da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da Comunidade (artigo 27.21).

Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas actividades que lle permiten acadar os seus obxectivos.



**Segundo.-** Que a Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural está integrada polos concellos de A Guarda, Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, O Porriño, O Rosal, Oia, Pazos de Borbén, Redondela, Tomiño e Tui.

Que o xeodestino Ría de Vigo-Baixo Miño está composto polos concellos de Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, A Guarda, Mos, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, O Rosal, Tomiño, Tui e Soutomaior.

Na Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural son conscientes de que a marca turística que debe ser promocionada é a correspondente ao ámbito territorial do xeodestino Ría de Vigo-Baixo Miño, polo que todos os concellos que integran o xeodestino serán beneficiarios dunha ou varias actividades enmarcadas neste convenio.

**Terceiro.-** Que co obxecto de promover o turismo no xeodestino Ría de Vigo-Baixo Miño as partes consideran esencial colaborar na execución deste convenio xa que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada por ambas partes e con beneficios conxuntos. Todo isto englobase, ademais, no eido competencial da Axencia de Turismo de Galicia.

**Cuarto.-** Que a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia ten entre as súas finalidades potenciar a oferta turística galega, a través de medidas de fomento que permitan modernizar e profesionalizar o sector turístico e as súas infraestruturas, e mellorar a calidade e a competitividade da oferta turística. Con esta finalidade regúlanse na devandita lei os xeodestinos.

A lei define, no seu artigo 23, como xeodestinos turísticos as áreas ou espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular. Os xeodestinos terán un especial protagonismo nas accións de promoción turística da Administración autonómica. Poderán ser utilizados, tras a súa creación, tanto por entidades públicas como privadas, sempre dentro da marca turística global «Galicia» e sen



que poidan empregarse como nome comercial, rótulo de establecementos ou vehículos e marcas de bens e servizos.

Na Estratexia de Turismo de Galicia 2030, de acordo coa liña estratéxica 6. *Gobernanza do destino*, concretamente no medida 6.4 *Cooperación pública e interadministrativa*, apoiarase a cooperación cos destinos supramunicipais a través de convenios específicos cos xeodestinos. Considérase moi importante o papel da administración local no mantemento e a xestión do territorio, pola súa natureza e proximidade, polo que se desenvolverán convenios coas entidades locais para actuacións sobre temáticas específicas.

A través deste convenio, outórgase á Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela  
O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

